



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZANOVE DE OUTUBRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (30/05/2016).

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e nove de agosto do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

De seguido dáse conta da acta da sesión ordinaria do día vinte e un de setembro do ano que andamos.

O Sr. Castro Rocamonde di que en referencia á resposta dada no pleno anterior relativa ao proceso de selección dun técnico/a de turismo o Sr. Secretario deu unha serie de explicacións e observacións e unha revelación importante que non consta así recollida na acta; en concreto di: “ normalmente ás mesas de selección vén persoal externo ao concello, xa que o persoal do concello prefire non formar parte delas porque tiñan presión”. Ese concepto non aparece recollido na acta.

O Sr. Secretario responde que cando fala de “presión” refírese a que Vedra como pobo pequeno que é, todos teñen amigos e coñecidos que participan neses procesos. Non se refire a presións internas, senón a que veciños ou coñecidos se presentan a esas probas e que o persoal municipal non lle gusta formar parte dos procesos. É unha cuestión un pouco antiga xa e que en ningún caso se refería a presións internas. O persoal non queren verse aquí examinando a veciños ou coñecidos e prefiren non meterse neses compromisos.



A palabra ao mellor non é a correcta, pero non se refería a presións políticas, senón a non verse comprometidos en cuestións onde se estiveran examinando veciños ou coñecidos. Quizais a expresión non fose a correcta.

Posta a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao) en Vista Alegre -Ponte Ulla.

Considerando a proposta presentada por don Manuel Louzao Rivadulla para aprobación do Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, nos termos do proxecto achegado asinado por dona Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doportó Framil, en calidade de arquitectos.

Vista a decisión de data 11 de decembro de 2014 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento do mencionado plan á avaliación ambiental estratéxica (expte.: 2014AAE1748), por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de outubro de 2015, aprobouse inicialmente o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal.

Logo de que o plan fose sometido a información pública, mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* núm.: 221, de data 19 de novembro de 2015, e nos xornais *La Voz de Galicia* de data 27 de outubro de 2015 e *El Correo Gallego* de data 27 de outubro de 2015.

Logo de que, con data do 21 de outubro de 2015, se notificase o trámite de información pública aos titulares catastrais para que emitisen, de se-lo caso, as alegacións pertinentes.

Logo de que simultaneamente, con data do 22 de outubro de 2015, se requirisen os informes de: Augas de Galicia e do Servizo de Patrimonio Cultural. Requiríronse tamén os informes da Dirección Xeral de Aviación Civil e Demarcación de Estradas do Estado.

Logo de que se recibisen os que se relacionan de seguido e coas conclusións que figuran no expediente:

- 20 de xaneiro de 2016, Ministerio de Fomento – Dirección Xeral de Aviación Civil.
- 11 de febreiro de 2016, Augas de Galicia.
- 13 de xuño de 2016, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- 5 de xullo de 2016, Ministerio de Fomento – Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Logo de que durante o período de información pública non se presentaron alegacións, tal e como consta na certificación emitida polo Secretario do Concello.

Logo de achegado con data do 10 de agosto de 2016 o proxecto do plan de especial en trámite dando cumprimento ao requirido nos informes sectoriais emitidos.

Logo de que con data 15 de setembro, en relación cos informes recibidos, emitíuse informe polos Servizos Técnicos Municipais coa conclusión de que foron introducidas, no documento presentado para aprobación definitiva, as consideracións dos informes sectoriais .



Examinada a documentación do expediente e de conformidade co establecido nos artigos 75.1 f) e 75.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 22.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse:

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Plan Especial de Protección e Integración Paisaxística de actuación na Ordenanza U-4. Fincas Singulares en Solo Urbano (Casa de Louzao), no lugar de Vista Alegre na parroquia de Ponte Ulla, neste termo municipal, promovido por Manuel Louzao Rivadulla, nos termos do proxecto achegado asinado por Ana Isabel Piñeiro Esperante e Lino Manuel Doporto Framil, en calidade de arquitectos, coas modificacións resultantes dos informes emitidos.

SEGUNDO.- Publicar a aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, del solo de Galicia. Igualmente, publicarase a aprobación definitiva xunto coa normativa e as ordenanzas do Plan Especial no *Boletín Oficial da Provincia de A Coruña*.

TERCEIRO.- Comunicar o acordo de aprobación definitiva, en virtude do disposto no artigo 88 da mencionada Lei 2/2016, do 10 de febreiro, á Consellería competente en materia de Urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, xuntando un exemplar en soporte dixital e papel, debidamente dilixenciado.

CUARTO.- Notificar o presente acordo na forma prevista regulamentariamente.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre aceptación da cesión por parte da Consellería de Facenda, a título gratuito, do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ortigueira -Santa Cruz de Ribadulla

Dáse conta Orde da Consellería de Facenda, do 2 de maio de 2016, pola que se acorda a cesión en propiedade, a título gratuito, do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ortigueira -Santa Cruz de Ribadulla (inmable con referencia catastral 001800600NH43F0001GI), inscrito no Rexistro da Propiedade con destino a fines educativos

De acordo co establecido no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (BOE núm. 1372/86, do 7 de xullo), propónse:

Primeiro.- Aceptar a cesión a título gratuito do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Ortigueira -Santa Cruz de Ribadulla (inmable con referencia catastral 001800600NH43F0001GI), con destino a fines educativos, nos termos da cesión con todas as súas pertenzas e accesións.

Segundo.- Inscibir o ben no Inventario de Bens do Concello e no Rexistro da Propiedade.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven no expediente.

Dona Beatriz Amenal expón que na comisión informativa xa falaban de se supoñía máis gastos para o concello, respondéndolle a Presidencia que non. Di que se van abster porque aínda que parece ser que non vai supoñer máis gasto, quedou patente que pode suceder nun futuro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



O Sr. Costa Carneiro quere facer dous matices:

1º.- Na concentración parcelaria de Santa Cruz houbo un erro cando se realizou xa que tiñan que ter rexistrado a nome do concello o centro ao ser de primaria; se fose de educación secundaria sería da consellería de educación. Foi un erro e con este acto corríxese.

2º.- A nivel de gasto de desenvolvemento e mantemento do centro, segundo a normativa ao respecto na Disposición Adicional 15 da LOE de 2006, “a conservación, vixilancia e mantemento dos colexios de educación infantil, primaria e educación especial correspóndelle aos municipios”. Algo que non é nada novo xa que nas leis de educación de 1967 e a I República todo o gasto do ensino de primaria correspóndelle ao concello, salvo outro tipos de obras de ampliación, creación de centros, etc, nas que incluso terían que colaborar.

Por outra parte, a Lei de Base de réxime local establece o mesmo. Os gastos correspóndenlle ao concello, polo tanto nin nos quita nin nos pon. Entendemos que así se corrixe un erro que debería estar arranxado no seu inicio. As outras implicacións de tipo de custe son as que debemos de facer.

Dona Beatriz Amenal di que feita a aclaración o seu voto vai ser favorable.

O Sr. Castro Rocamonde expón que do que se deduce do informe e tal e como acaba de expor o Sr. Costa, efectivamente o que se transmite é a finca, na cal a edificación é un enclavado excluído dentro da finca, co cal non se se quedaría aí no limbo. No informe só se fai referencia á finca.

O Sr. Costa Carneiro di que esixen que se manteñan os fins educativos da mesma e que hai que certificar cada certo tempo, por iso Facenda traslada o que debería ter trasladado xa no seu tempo.

O Sr. Castro Rocamonde di que a aceptación polo concello desa propiedade, si ten cambios substanciais. Os gastos que agora mesmo son impropios e que soporta o concello, van pasar a ser gastos propios. Os gastos impropios non sabemos que vai pasar. Ao mellor hai outra administración que se faga cargo deles, co cal os gastos dese inmovible, si ou si, van ser sempre a conta do concello.

Bótase en falta que aproveitando esta cesión non se negocie unha contrapartida económica ou cando menos, un establecemento dun convenio coa Consellería de Educación que é quen ten o uso, e no cal permitira ao concello ter capacidade nas decisión que adopte a consellería neste inmovible, mesmo que puidera facer un uso complementario para outras actividades do propio concello.

Acéptase unha cesión así, gratuitamente, sácaselle un cargo a outra administración perdendo a oportunidade de recibir algunha prestación económica ou un pacto para ter capacidade de decidir.

Propoñería pospoñer este punto na orde do día e buscar unha negociación política que nos leve a un mellor acordo se é posible.

O Sr. Costa Carneiro di que ou non se lle entendeu ou non se explicou ben. Esta é unha normativa estatal con certa antigüidade como recolle a Disposición adicional 15ª da Lei da LOE do 2006. É un tema con moitas discrepancias con outras administración, e a



normativa di que os centros públicos de educación infantil, primaria e especial son dos municipios; así como velar e garantir a escolarización dos veciños/as.

Respecto ao tema dos convenios, a norma estatal contempla que os de secundaria teñen unha dotación económica que asumen as comunidades autónomas excepto Ceuta e Melilla. A LOE establece un convenio cos centros de primaria que pasan a ter alumnos de secundaria (como sucede no CPI Vedra) para o alumnado de secundaria.

No caso de centros de infantil, primaria e especial non cabe negociación. Non se van recibir máis gastos dos que xa tiñamos. Por outro lado, a lei non impide o uso complementario dos centros, sempre e cando se faga regulado baixo un protocolo como se fixo ata o de agora, para que as ANPAs ou algunha entidade ou o mesmo concello poidan usar as instalacións para facer calquera acto.

O Sr. Castro Rocamonde di que con matices respecto á carga de gastos que ten que soportar o concello en situacións posteriores á aceptación, poden estar de acordo. Pero, cal é o beneficio do concello con este trámite?

O Sr. Costa Carneiro manifesta que non entende o tema do beneficio. O beneficio é que pasa o inventario de bens municipais para arranxar o erro que se produciu no momento da concentración parcelaria.

O Sr. Castro Rocamonde di que tiña a esperanza de que dixerá algún tipo de beneficio.

A Presidencia intervén para dicir que en calquera caso, prefire realizar un gasto nun ben que quede para o concello ca noutro que non.

Posta a votación, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aceptar a cesión.

4º.- Informe, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.

Retírase da orde do día.

5º.- Aprobación, se procede, sobre modificación do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vedra.

Dáse conta da proposta de modificación do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vedra, consistente en:

1º.- As retribución salariais de 13 traballadores/as do persoal laboral en base á disposición V das disposicións adicionais do devandito convenio, supoñendo un incremento de 15.000 euros distribuídos entre estas 13 persoas (salarios máis baixos)

2º.- Trasladar o concepto de produtividade a complemento específico dadas as desigualdades neste complemento

3º.- Modificar o cómputo de horas anuais do traballo recollidas no artigo 42.1 adaptándoo ao disposto pola Administración do Estado do 18/09/2015 e que estipula 1.642 horas anuais

4º.- Modificar os seguintes artigos do vixente convenio: 46.7; 48.1; 48.2; 50.1; 51.1; 51.3; 51.7; 51.14; 51.18; 52.4; 52.6; 52.7; 55.c; 79.1 e 83



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Presidencia manifesta que se están a levar adiante acordos coa mesa. Son modificacións na redacción do convenio que esixían dende arriba e que deciden tralo ao Pleno para actualizar os salarios dalgúns traballadores. A actualización dende principios de ano dos salarios está garantida e prevista nos orzamentos.

Dona Beatriz Amenal di que falando con algún representante sindical, este comentoulle que foi aprobado no ano 2014. Esa subida salarial tññase que ter aplicado no momento no que se firma. Pregunta se ese acordo foi paulatino.

O Sr. Lema Mougán di que estas negociacións salariais foron negociacións cos sindicatos posteriores. Non se negociaron cando se aprobou o novo convenio. Estas son unhas negociacións unha vez que está en vigor o novo convenio, e que se fixeron con posterioridade na mesa sindical para actualizar determinados salarios que se consideraba que se deberían actualizar e que os sindicatos tiñan as súas propostas, nós as nosas, e chegouse a un acordo que son os que se plasman nesa modificación así como a actualización dos salarios que vai nesa modificación.

Xa cando se negociou o novo convenio se fixo outra actualización salarial cos salarios máis baixos xa que había traballadores que desenvolvendo o mesmo traballo os seus salarios eran distintos.

Agora estanse igualando os salarios por categorías que non se puideron facer no seu momento porque as disponibilidades económicas eran as e eran e non se puido facer todo xunto, e entón negociouse con eles e fixéronse paulatinamente e virán máis no futuro.

Dona Beatriz Amenal insiste nas diferenzas orzamentarias. Cre que con este tema, o afán polo aforro do grupo de goberno afectoulle aos traballadores do concello (non sabe se se lle subiu o soldo nos últimos anos en xeral) e pregunta se teñen subidas salariais anuais.

A Presidencia di que cando chegaron aquí había reclamacións que supoñían uns custes e chegouse a un acordo para facelo paulatinamente para que fora de acordo ás disponibilidades orzamentarias do concello e tamén se axeitara á lexislación. Non se pode incrementar de repente os gastos de persoal en tantos cartos porque a lexislación non o permite. Esa negociación á que se chegou a acordo cos representantes sindicais é a que se está a levar a cabo paulatinamente.

Dona Beatriz Amenal di que o ser voto vai ser a favor para que cobren os traballadores que teñen iso pendente, e que teñen moita sorte cos traballadores que teñen porque cre que reclaman pouco.

Posta a votación, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a modificación.

6º.- Aprobación, se procede, sobre do Plan Económico -Financeiro da liquidación do orzamento do exercicio 2015.

En función do estipulado na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira no caso do incumprimento da estabilidade orzamentaria, do obxectivo de estabilidade ou da regra do gasto.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dado que nos exercicios 2015 e 2016 o Concello de Vedra efectuou investimentos por encima do habitual, por necesidade propia e polo volume de subvencións recibidas para investimento con cofinanciamento municipal.

Dado que do resultado da liquidación de 2015 se deduce un incumprimento do obxectivo de estabilidade (capacidade de financiamento negativa) por importe de 63.230,32 euros (sesenta e tres mil douscentos trinta euros con trinta e dous céntimos) derivado dunha maior achega municipal aos investimentos municipais, propónse:

Primeiro.- Aprobar un plan económico-financieiro que permita o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra do gasto por importe de 63.230,32 euros mediante a non dispoñibilidade de créditos correspondente a menor importe da achega municipal nas obras do POS 2016 e PAS 2015 nas seguintes aplicacións do exercicio 2016:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
161-60902	POS - Urbanización Integral na Torre	25.378,24
933-62203	PAS - Melloras na Fachada do Centro Sociocultural da Terceira Idade	26.267,08
933-62204	PAS - Acondicionamento acústico da Escola de Música de Santa Cruz	11.585,00

Segundo.- Aprobar a non dispoñibilidade de créditos correspondente a investimentos con financiamento municipal nas mesmas aplicacións para o exercicio 2017 (ou semellantes no caso de non coincidir as mesmas aplicacións e importes no exercicio 2017) por un importe de 63.230,20 euros.

Con estas medidas, dada a tendencia dos ingresos e gastos municipais, acádase o reequilibrio presupostario e do obxectivo de estabilidade con que se liquidaron os exercicios anteriores.

A Presidencia di que o incumprimento do plan de estabilidade obríganos a facer este plan económico-financieiro, pero facémolo intentando non tocar taxas, impostos, servizos, gastos demandados pola cidadanía e entendemos que nas adxudicacións de obras cos aforros conseguidos nas achegas municipais pódese formular este plan económico-financieiro sen alterar a dinámica do cidadán de Vedra e lograr cumprir o que marca a lei. Cre que é a proposta técnica e política máis correcta e entende que vai ser aprobada dende as instancias correspondentes.

Basicamente son obras do PAS e do POS, onde a achega do concello na Urbanización Integral na Torre era de 32.787 €, na Mellora da fachada do Centro Sociocultural da Terceira Idade, 26267; no Acondicionamento acústico da Escola de Música 11585 €. As adxudicacións foron por importes inferiores ao presupostado, o que supón un aforro importante. Xa saben que nas obras da Deputación, primeiro consúmese o que é a achega municipal e despois, se segue habendo aforro xa afecta á achega da Deputación. Por exemplo na obra de urbanización de A Torre, a Deputación aforra case 19.000 € e nós nin sequera temos que utilizar todo o aforro, que aquí é de case 7.500 € que podemos dispoñer deles, co cal cumprimos o obxectivo en non se tocan taxas, impostos e servizos e cumprimos coa legalidade que nos vén imposta.



Dona Beatriz Amenal di que o seu grupo vaise abster porque se ben as obras van á baixa, iso repercute nas arcas do concello e entenden que tamén é debido á “precaridade” que hai do traballo e ás políticas practicadas polo PP de austeridade e que teñen consecuencias deste tipo que é polo que veñen as baixas desas obras que se podían ter destinado a outra cousa; pero como están con ese tipo de política coa que non están de acordo, é polo que se van abster.

O Sr. Castro Rocamonde di que o plan económico-financeiro é un episodio máis da súa xestión económica e que se resume nun fracaso exponencial; resulta da multiplicación dun fracaso tras outro e sucesivos. O primeiro fracaso foi na xestión e execución do orzamento. Vender no seu momento propaganda anunciando un superávit que logo se transformou nun importe similar pro de déficit. Despois fracasou tamén, esperando que en Madrid houbera un cambio de goberno sen o PP que mudara e derogara a lei de estabilidade orzamentaria e evitase así ao concello ter que someterse a este plan económico-financeiro que é totalmente inxusto para os veciños. Fracasa tamén, unha vez máis, na proposta e execución dos plans de desenvolvemento ou plans de obras que neste caso ofertou a Deputación botando a perder oportunidades e recursos. E fracasa porque presenta proxectos dunha calidade pésima cunha indefinición absoluta e orzamentos ao libre albedrío tal e como se constata.

Calquera que vexa isto e que se adxudican obras con baixas dun 40 %, ou son baixas temerarias os se fan orzamentos a barra libre. Son feitos constatados como acaba de citar e non é este un caso illado. Podemos falar de máis adxudicacións, salvo algunhas contadas onde acertan co orzamento (aí as empresas fréganse as mans), no resto hai unha disparidade absoluta entre o importe presupostado e o adxudicado.

Logo con esa mala calidade dos proxectos, nos cales as empresas teñen manga ancha para a execución, resulta que moitas obras deste plan son para tapar defectos doutras de plans anteriores. Podemos lembrar xa cantas veces se reparou a cuberta do local da Casa da Terceira Idade que hai medio ano que se tivo que repoñer; cantas veces se repuxo ou taparon defectos na cuberta do pavillón ou a fachada da Casa da Terceira Idade que tamén foi rehabilitada non hai moitos anos.

Por outra parte fracasa, e creo que camiña por unha vía moi perigosa, que é o uso perverso que fai das subvencións, porque a práctica dese “sobreorzamento” nas solicitudes creo que é un uso perverso, por non usar outras palabras, polo tanto o noso voto vai ser en contra.

A Presidencia di que cre que mostra un descoñecemento profundo do tema, xa que isto non é froito dun fracaso, senón que é froito dun importante volume de investimentos de subvencións doutras administracións que levaban un cofinanciamento non previsto inicialmente e que levou a investir 60.000 € máis do que estaba previsto.

En canto aos proxectos, vostede pon en tea de xuízo os proxectos técnicos. Nós non. Fanse proxectos técnicos que custan x, feitos por un técnico que di que facer isto custa tanto.

Hai unha parte que pon a Deputación e unha parte que pode cofinanciar o goberno municipal. O que constatamos, dende hai anos, non neste concello, senón en xeral, é que había pouco traballo e as empresas ían ás baixas. De feito, a Deputación (gobernada polo PSOE e BNG) este ano idearon unha cuestión que favorece isto das baixas, pois no negociado fan unha segunda volta para que poidan aínda baixar máis o prezo, polo tanto non é unha cuestión nosa. Hai un proxecto visado por un técnico, unhas empresas que



concurran, unha mesa de negociación, unha adxudicación, etcétera e finalmente un control de obra. Que están producindo estas baixas neste concello e en todos os concellos gobernados por diferentes cores políticas.

En calquera caso, non estamos contentos de que teñamos que facer un plan económico-financieiro, non digo que sexa bo, pero polo menos non temos que tocar taxas, impostos, servizos, etcétera e con estas baixas somos capaces de sacar adiante este plan, por certo nun ano, non en dous.

Posto a votación apróbase con sete votos a favor do PP, dous votos en contra do BNG-AA e catro abstencións do do PSdG-PSOE.

7.- Dar conta do Período Medio de Pago do 3º trimestre de 2016.

Deseguido dáse conta do PMP do 3º trimestre de 2016, calculado de acordo co establecido no Real Decreto 635/2014., do 25 de xullo, que é de - 6 días.

8.- Aprobación, se procede, sobre moción do BNG - A.A Vedra para a creación dun plan director de uso da bicicleta no Concello de Vedra.

Declárase a urxencia deste punto na orde do día que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da citada moción presentada polo BNG-A.A. Vedra, na que se expón que a FEMP asinou conxuntamente coa rede de Cidades pola Bicicleta un acordo cuxa finalidade é impulsar a elaboración e posta en marcha de Plans de Mobilidade Urbana nos municipios asociados á RCxB entre os membros da FEMP, atendendo sobre todo á seguridade, á sustentabilidade, á eficiencia e á accesibilidade.

Así mesmo a DGT durante o ano 2016 comezou a habilitar rutas seguras para ciclistas mediante unha nova categoría viaria “Rutas Seguras para ciclistas”, que son vías frecuentadas por ciclistas nas que, en determinados días e durante certos tramos horarios, establécense uns límites de velocidade e unhas condicións de circulación específicas, contando con vixilancia especial e sinalización específica

O Concello de Vedra conta cun entorno privilexiado para a práctica do ciclismo, sendo asiduamente visitado por ciclistas de toda a área metropolitana de Compostela, fomentándose dende anos a práctica deportiva do ciclismo, tanto en estrada, como BBT (existindo neste caso rutas correctamente sinalizadas, e moi utilizadas por veciños de Vedra e da comarca), polo que solicitan o apoio do Pleno do Concello para aprobar os seguintes puntos:

1º.- Crear un Plan Director da Bicicleta en Vedra, mediante unha mesa de traballo conxunta entre o concello, o arquitecto municipal (ou no seu defecto un técnico do departamento de Urbanismo), representantes da oposición no pleno, e asociacións ou clubs do sector que se queiran unir, co fin de elaborar este documento, no que quede reflectido aspectos como:

1.1.- Definición dun tramo viario que cumpra as condicións que solicita a DGT para ser habilitado como “Ruta segura para ciclistas” de maneira que o concello poida solicitar a declaración como tal do citado tramo, constituíndose deste maneira por primeira vez en Galicia un tramo coa susodita cualificación.



De non ser posible, por non existir tramos viarios que cumpran coas condicións solicitadas pola DGT, definir as posibilidades existentes, e delimitar un tramo idóneo, que permita a adaptación progresiva ata acadar as condicións idóneas para a súa cualificación definitiva.

1.2.- Estudar a posibilidade de sinalizar outras vías para dar prioridade e protexer de maneira excepcional ao ciclista.

1.3.- Definir tramos de adestramento ciclista.

1.4.- Definir o funcionamento dunha mesa de traballo entre os mesmos axentes que constituirán o Plan Director da Bicicleta, que permita valorar anualmente os resultados do citado plan director, así como comunicar as necesidades orzamentarias para o mantemento e mellora da “Ruta segura para ciclistas”, e “Tramos habilitados para adestramento”, dando traslado do citado orzamento ao equipo do goberno municipal, quen adquirirá o compromiso, na medida das súas posibilidades, da súa execución.

2º.- Solicitarlle á DGT a declaración do tramo definido no Plan Director da Bicicleta de Vedra como “Ruta Segura para Ciclistas”, comprobando a correcta adecuación e sinalización da mesma.

3º.- Solicitar a adhesión do concello de Vedra á asociación REDE DE CIDADES POLA BICICLETA (RCxB), co CIF G75019828, inscrita no Grupo 1, Sección 1, Número 595475 do Rexistro Nacional de Asociacións, asumindo a cota de 300 euros anuais establecida para a categoría C9 (Concellos de menos de 10.000 habitantes). A pertenza á RCxB permitiralle ao concello, entre outros beneficios, recibir asesoramento sobre da elaboración e redacción do Plan Director.

Nomear como responsable a D. Carlos Martínez Carrillo, na súa condición de concelleiro de Urbanismo do Concello de Vedra.

O Sr. Pose Rodríguez di que a moción ten que ver co tema do inicio do curso escolar e non necesitaría desta urxencia senón fose por iso, e obriga porque se iniciaron xa os adestramentos deportivos e temos no concello clubs que usan as bicicletas para os seus adestramentos. A urxencia da moción radica en crear as condicións axeitadas para que poidan adestrar en condicións de seguridade.

A Presidencia di que esta de acordo coa proposta e coa urxencia e que para a semana xuntaranse todas as partes implicadas.

Dona Beatriz Amenal di que o seu grupo vai apoiar a moción.

Posta a votación, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada moción.

9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da modificación do IBI, que xa está en marcha.

2º.- Sobre do traballo da praza de técnico que para a semana convocarase a xunta de voceiros para tratar este tema.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- En canto á pregunta de se non houbo ningunha Xunta de Goberno dende o 26 de xullo, que xa lle contestara o outro día.

4º.- En canto á recollida de voluminosos, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di que é posible que haxa veciños que descoñezan a existencia deste servizo polo que seguirán publicando no boletín do concello, e facendo campañas de sensibilización e concienciación.

En canto ao colector de vidro que está cheo, di que por unha parte é unha boa nova, porque di que a xente recicla, e por outro lado terán que negociar a periodicidade da recollida.

Dona Beatriz Amenal recórdalle que non é un colector de vidro, senón un colector amarelo que está cheo de vidro. O Sr. Vázquez Martínez di que de ser así terán que seguir coas campañas de sensibilización e concienciación ambiental.

--Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre do disco duro do rexistro municipal que non lle consta ningunha perda de datos nos ordenadores do rexistro, que se cambiaron equipos pero que o rexistro está nunha plataforma de datos na Deputación polo que en caso de dano do disco duro sempre se conservarían os datos. Outra cuestión é no rexistro civil que si houbo unha avaría debido aos traballos feitos pola CAU da administración de xustiza que paralizou uns días a emisión de certificados de inscrición pero non houbo perda de datos porque todo iso está na plataforma de Xustiza.

2º.- Respecto da “cafetera” da Casa da Terceira Idade, que xa está solucionado.

3º.- Respecto das obras do punto limpo, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, que di que se trata de pequenas obras para meter unhas reixas metálicas pero están condicionados a que envíen os materiais precisos dende a Xunta.

En canto ao persoal do punto limpo, é evidente que hai días nos que está máis ou menos ordenado, pero depende de diversos factores pero non de que haxa máis ou menos persoal.

4º.- Respecto á emisión dos plenos en Youtube a Presidencia di que co sistema actual que temos agora non se pode facer. De todos xeitos están centrados en actualizar todo o relacionado cos sistemas informáticos e no que fai referencia ao plenos que cando se poida facer non terán ningún problema en realizado. De todas formas xa están colgados os audios na web municipal.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA Vedra, a Presidencia contéstalle:

1º.- Respecto da rampla para practicar “skateboarding” que ten toda a razón e que intentará cumprir canto antes.

2º.- Sobre das obras do arquivo histórico municipal di que empezará pronto a adjudicación das mesmas e o chamamento ás diferentes asociacións e comisións parécelle unha boa idea e que llo fará chegar ás mesmas nas próximas semanas.

3º.- Respecto ao tema do transporte di que xa lle contestou o outro día.

4º.- Respecto aos servizos de Protección Civil prestados ás comisións de festas, A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que á segunda parte da pregunta non lla vai contestar porque non quere sinalar a ninguén, e que ten dúas opcións: crer o que lle dixo ou non crelo. Di que as comisións coas que se puxeron en contacto entenderon o problema e aceptaron a nosa proposta, mais non sabe se lles pareceu ben ou non.



5º.- Respecto das obras adxudicadas á empresa Martínez Montes e Hijos S.L. que xa lle contestou.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA Vedra, a Presidencia contéstalle:

1º.- Respecto da remisión da moción relativa á revisión catastral di que foi remitida o 15 de xullo.

2º.- Respecto do plan de defensa e loita conta os incendios forestais cédelles a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que existe un plan non actualizado e que están á espera de que a consellería correspondente saque as indicacións oportunas para actualizalo ou ben facer un novo. A día de hoxe non existe esa orde.

O Sr. Castro Rocamonde replícalle que el solicitou a consulta do plan e que quedara co Sr. Vázquez Martínez para velo e explicalo. Di que é un plan non escrito e pregunta se está debuxado ou na cabeza de alguén.

10º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos:

1º.- En relación á rotonda que se ten previsto construír en Tomonde que se faga un seguimento da seguridade da mesma, sobre todo na saída dunha vivenda que está alí. Tamén hai unha pista que atravesa unha masa común xunto ao campo do Coto chea de terra con maleza e rógalle que saquen a terra e a adecúen. A Presidencia contéstalle que está pendente unha reunión coa Xunta para solucionar ese tema.

2º.- Pregunta sobre da recollida do vidro dese colector amarelo, se o van recoller ou non e rógalle que presten máis atención ás campañas de sensibilización e concienciación ambiental.

3º.- Pregunta sobre a Urbanización do Miradoiro de Sales. Canto tempo vai levar iso e cantos cartos vai custar e en quen repercute ese gasto?

--O Sr. Lago do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos:

1º.- Como usuario da gardería municipal roga que se asfalte a vía de saída da mesma xa que quedou en moi mal estado despois das choivas do ano pasado.

2º.- Pregunta se o plan de defensa e loita contra os incendios forestais está escrito e é o que se está levando a cabo. Se non está en vigor polo tanto non existe, e cando estea quere velo.

3º.- Pregunta se o programa Luvás Verdes vai seguir adiante e se vai publicar no boletín municipal. O Sr. Vázquez Martínez contéstalle que se vai publicar en todos os medios dispoñibles do concello.

--O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA formula as seguintes preguntas:

1º.- Cal é a relación de don Albino Vázquez Aldrey, concelleiro imputado en diversas tramas de corrupción, co concello de Vedra e co Sr. Alcalde?

2º.- A xerencia da empresa Escayolas Piñán S.L. ten algunha vinculación coa concelleira M^a Jesús Piñeiro Caldelas? Dita empresa executou dúas obras no Antigo Xulgado e na Escola de San Miguel por importe superior aos cinco mil euros e presentou 2 facturas diferentes para a mesma obra e no mesmo día. Rógalle que lle aclare a vinculación mencionada antes e cal foi o procedemento de adxudicación desas obras, e se a adxudicación foi co 40% de baixa.

3º.- No incendio do verán en San Xián ao non haber un plan de defensa e loita contra os incendios forestais non hai un protocolo de actuación e vense os restos da actuación



dunha pala e restos amoreados de terra en diversas fincas que agora mesmo non se poden usar. Se o concello non ten competencia que faga as xestións oportunas para repoñer a situación inicial.

4º.- Solicitou a documentación das foxas sépticas: memoria, estudo da xestión de residuos, etcétera e achegáronlle dous albarás da empresa Viaqua. Hai facturas? Executáronse?

Solicita a memoria do tratamento deses residuos, como se fan eses baleirados e a onde se fan.

5º.- Como está o plan de igualdade de oportunidades da muller do concello?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA Vedra formula as seguintes preguntas:

1º.- Por que non se solicitou as axudas a entidades locais para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación pública? Non está seguro de se o fixeron ou non, aínda que cre que non. De ser certo que as solicitaron quer ver o proxecto e a solicitude. De non telas solicitado infórmaos de que van saír outra vez en decembro de 2016 ou xaneiro de 2017 e presentará unha moción de suficiencia enerxética para que as soliciten.

2º.- Cal é a previsión demográfica para finais de ano?

3º.- Quen é o técnico que fai orzamentos de proxectos cun 40% de sobrevaloración?. De ser un orzamento correctamente realizado, quen é o que garante unhas obras adxudicadas en baixa temeraria? Quen revisa esas obras e comproba que unha baixa dun 40 % non afecta á calidade das obras?

4º.- Pregunta ao Sr. Secretario se existe unha regulación supramunicipal para evitar baixas temerarias nas adxudicacións?. Na administración autonómica existe.

5º.- Non existía ningún rexistro previo do control da calidade das obras de asfaltado propio do concello?

6º.- A raíz da nova publicada no xornal La Voz de Galicia o 16/06/2016:

Cal é o mecanismo que se empregaba no plan de loita contra os incendios forestais?

Cal é a cadea de responsabilidade?

Cal é a regulamentación?

Como se organizaba todo iso?

Conclúe ao fío das vinte e tres horas.